


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CIENCIAS SOCIAIS  
CURSO 2021.22  
2º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe  
O MOSTEIRÓN

ÍNDICE:

1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2	CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	3
3	CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR: .....	4
4	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	7
5	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	7
6	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO .....	8
7	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .....	9
	OPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS .....	10
8	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO. ....	10
9	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS .....	10
10	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	11
11	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO .....	12
12	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS .....	12

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

## CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Traballaremos as competencias clave establecidas no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología (CMCT).
- 3º. Competencia digital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociales y cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia y expresiones culturales (CCEC).

A distribución de competencias por estándar está reflectido no punto 3 da programación.

## CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

## TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

<b>CURSO</b>	2021_2022		
<b>NIVEL</b>	2º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Ciencias Socias (CS)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
<b>Bloque 1: Contidos comúns</b>							
CS-B1.2	2º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	Participa das diferentes tarefas que se lle propoñen tanto de forma individual coma en grupo, respectando as opinións dos seus compañeiros, independentemente das capacidades de aprendizaxe que poidan ter os mesmos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). Diario de clase.	CSC CAA
CS-B1.4	2º-CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Probas obxectivas. Resolución de exercicios.	CCL CMCT CSC
<b>Bloque 2: O mundo que nos rodea</b>							
CS-B2.1	2º-CSB2.1.1 - Pon un	Recoñece que a auga é necesaria			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CMCT

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CIENCIAS SOCIAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA**  
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	para o aseo, alimentación, industria, sector de servizos,...etc				alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais.	CD CCL
CS-B2.5	2º-CSB2.5.1 - Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.	Sabe o que é una paisaxe natural e o que é unha paisaxe urbana, e identifica os elementos que as distinguen		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais. Investigacións.	CMCT
CS-B2.5	2º-CSB2.5.3 - Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.	Sabe a importancia que ten non ensuciar o noso entorno e as consecuencias que pode ter nel unha inadecuada conducta do tratamento dos residuos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase.	CMCT CSC
<b>Bloque 3: Vivir en sociedade</b>							
CS-B3.1	2º-CSB3.1.1 - Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais.	CSC CCL
CS-B3.3	2º-CSB3.3.1 - Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica	Recoñece accións e condutas cívicas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais. Xogos de simulación e dramáticos. Proba obxectiva.	CSC CCL
CS-B3.4	2º-CSB3.4.1 - Aмосa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	Respecta aos seus compañeiros independentemente da súa raza, entorno social ou sexo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Asamblea. Rexistro anecdótico (anecdótico). Diario de clase.	CSC

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CIENCIAS SOCIAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

CSB3.8	2º-CSB3.8.2 - Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	Recoñece a importancia que ten o coidado e limpeza da vía pública e a importancia que ten para a súa saúde.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. Asamblea. Posta en común. Traballo de aplicación e síntese.</p>	CSC
<b>Bloque 4: As pegadas do tempo</b>							
CS-B4.3	2º-CSB4.3.1 - Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	Ordena cronoloxicamente no tempo unha serie de viñetas dadas ou uns pequenos textos que están en desorde.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións. Exposición dun tema. Resolución de exercicios e problemas. Cuestionario pechado. Participación activa PDI</p>	CMCT CSC

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

### ***Actividade lectiva presencial.***

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente inclusiva (potenciando os patios dinámicos), activa (partindo da investigación e experimentación tendo como referencia o PDI) e participativa (fomentando a comunicación no traballo cooperativo) co fin de alcanzar os obxectivos e as competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo cando as circunstancias o permitan. Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus diferentes aspectos, para construír a partir de aí, outros aprendizaxes que favorezcan e melloren dito nivel de desenvolvemento. Subliñar a necesidade de estimular o desenvolvemento das capacidades xerais e das competencias básicas e específicas por medio do traballo que se levará a cabo nas diferentes áreas.

### ***Actividade lectiva semipresencial.***

A metodoloxía no caso de que a educación sexa semipresencial consistirá en subir os contidos a aula virtual de xeito planificado, realizar explicacións mediante vídeos educativos.

### ***Actividade lectiva a distancia.***

A metodoloxía que se levará a cabo no caso de que a educación sexa non presencial consistirá en subir os contidos a aula virtual de xeito planificado. Empregar, realizar explicacións mediante vídeos educativos e realizar videochamadas a través de webex para ter contacto co alumnado e solucionar algunha dúbida puntual, nunca como método para realizar clases online.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Material manipulativo (revistas, xornais, moedas, reloxos....)
- Fichas de traballo (archivador)
- Biblioteca do centro.
- Novas tecnoloxías (tablets, ordenadores, páxinas webs...)
- Producións plásticas.
- Biblioteca de aula.
- Audios e videos interactivos.
- Xogos didácticos e lúdicos.

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será sistemática, continua, formativa e integradora.

Teráse en conta as avaliacións inicial, continua, formativa e final sen esquecer a nosa propia autoavaliación.

A avaliación ordinaria será a mesma nota da terceira avaliación ou máis alta.

Os criterios sobre a avaliación serán os recollidos no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

### **Avaliación presencial:**

O 100% da nota será a consecución total de todos os **estándares** que se refiren tanto a contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas, como á realización do traballo na clase e á valoración de actitudes na aula: participación, colaboración, ... Todos eles aparecen recollidos no punto 3 desta programación.

Cada estándar de aprendizaxe recollido no punto 3 terá unha porcentaxe para obter a nota final de trimestre e da materia.

Para poder valorar os estándares xerais terán que ter adquiridos os estándares mínimos da materia.

-As probas calificaránse sobre 10 puntos. Os resultados expresaránse da seguinte maneira: de 0-4 puntos –IN, de 5 puntos SU -6 puntos BE, de 7-8 puntos NO de 9-10 puntos SB.

-Para superar a materia terá que ter adquiridos os mínimos da materia.

### **Avaliación non presencial:**

As probas poderán ser substituídas por fichas, tarefas, actividades interactivas... que deberán ser entregadas no prazo estipulado. Para obter a nota da materia serán os mesmos criterios que na avaliación ordinaria presencial agás nos estándares que se refiren á participación directa e oral nas actividades de aula.

### **REQUISITOS DE PROMOCIÓN**

1º- Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

2º- Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.



## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
<b>Preparación da clase e dos materiais didácticos</b>	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
<b>Utilización dunha metodoloxía adecuada</b>	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.					
<b>Regulación da práctica docente</b>	Grao de seguimento dos alumnos.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
<b>Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias</b>	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse acoñecer: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aos alumnos.</li> <li>• Ás familias.</li> </ul>					
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b>	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					

Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	1	Omítense elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
	Excelente	4	Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

## OPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

### ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

Teremos en conta os estándares non traballados no curso anterior.

Revisaremos os informes de reforzo do curso anterior dos alumnos/as que teñan materias non superadas.

No caso de alumnos/as que promocionan con algunha materia pendente, cada mestre/a programará Actividades de Reforzo e Recuperación, para que este alumnado sexa capaz de acadar as competencias e os estándares propios do nivel. Levarase a cabo un traballo individualizado segundo as súas necesidades.

Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu axeitado progreso.

### DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial desenvolverase no mes de setembro. Principalmente valorarase a través de exercicios orais e mediante a observación directa nos xogos e actividades.

Será unha avaliación informativa para partir dos coñecementos previos do alumnado.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa.

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada e na prevención das dificultades da aprendizaxe, así como a posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten as dificultades, e que poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Naqueles casos de NEAE, o diagnóstico da orientadora do centro debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Os mestres de A.L. e P.T. elaborarán un informe trimestral para os titores de cara á realización dun seguimento do alumnado e á continuidade do traballo no caso de cambio de persoal docente.

O centro conta cun Plan de Atención á Diversidade, para dar resposta tanto ao alumnado qu puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo.

Durante todo o curso cabe a posibilidade de variar o número de alumnos/as que reciban apoio, segundo as necesidades.

Realizarase un seguimento dos casos explorados no curso anterior, axustando a resposta educativa ás súas necesidades e avaliaranse novos casos que xurdan no presente curso académico.

Proporcionarase tamén asesoramento ás familias con fillos/as que presentan NEAE para optimizar o seu proceso formativo.

A Xefa do Departamento de Orientación realizará un seguimento deste alumnado de forma coordinada co profesorado de apoio (P.T. e A.L.), asesorando sobre a resposta educativa máis axeitada e realizando/actualizando a avaliación psicopedagóxica cando sexa necesario.

As modalidades de atención que levaremos a cabo este ano, son as seguintes:

–Reforzo do profesor/a, titor/ora: o profesorado titor atende individualmente a un alumno/a que pode seguir o currículo ordinario do curso no que está escolarizado, pero necesita, para logralo, unha atención máis individualizada tanto en aspectos curriculares como en estratexias de aprendizaxe e pautas de traballo.

–Atención específica por parte do profesorado de apoio. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requiran, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas.

–Apoios temporais ou permanentes dentro do aula. Atención por parte do especialista ou doutro profesor/a, que intervén no grupo-aula atendendo a un alumno/a concreto: neste sistema o profesor/ade apoio traballa o currículo, dentro da aula ordinaria, co alumno/a con necesidades educativas. O obxectivo é permitir ao profesor/a ordinario/a levar o ritmo da aula mentres que se lle garante ao alumno/a con necesidades, o apoio na área e os contidos que se imparten na clase.

–Atención especializada por parte do profesorado de apoio fóra da aula ordinaria para traballar aspectos concretos referentes ao desenvolvemento da linguaxe e que serán postos en práctica polo profesor de A.L.

## CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

O currículo fala exactamente, entre outras, de “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. “

Nesta materia traballaremos a :

- A comprensión lectora (diferentes tipos de textos, xornais, búsqueda de información, lecturas inferenciais...),
- A expresión oral e escrita (debates, asembleas, presentacións...)
- A comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación ( vídeos, uso da radio, slogan, actividades online, uso da aula virtual...),
- O emprendemento e a educación cívica e constitucional ( toma de decisións, deseño de actividades, participar no proxecto voz natura, reciclaxe, respetar o medio ambiente...).

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Podránse realizar saídas trimestrais de carácter pedagógico e tamén participaremos nas conmemoracións establecidas na orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As propostas de saídas para este curso son:

- Carreira ENKI
- Andainas pola contorna

Estas saídas poden ser modificadas atendendo tanto ao currículo como a situación sanitaria provocada pola COVID 19.